



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 18 DE NOVEMBRO DE 2015

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO CON DATA 18 DE NOVEMBRO DE 2015

SRES. ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Manuel Corzo Macías

Concelleiros

Grupo Popular

Dna. Salesa Losada Fernández

D. José Vega Martínez

Dna. Lucía Fernández Sobrino

Grupo Socialista

D. Magín Fernández Fernández

D. Juan Ferreira Ricón

D. Vicente Sabín Fernández

Concelleiro ausente

D. Manuel Rey Rionegro

D. Darío Carracedo Vidueira

Secretaria-interventora

Dna. Carmen Sotelo Casado

Sendo as trece horas e vinte minutos do día enriba indicado, constituíuse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, en primeira convocatoria, o Pleno Municipal para celebrar sesión extraordinaria. Da fe do acto a Secretaria do Concello.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, pasáronse a tratar os puntos da orde do día:

1.- REDE DE SANEAMENTO E AUGA POTABLE.-

O Sr. Presidente le o escrito presentado polo Grupo Municipal Socialista e que di:

"Os abaixo asinantes, todos eles concelleiros desta corporación, ao amparo do establecido nos artigos 46.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, 48 do Real Decreto lexislativo 781/1986 polo que se aproba o texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local y 78 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización,



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 18 DE NOVEMBRO DE 2015

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Solicitan a celebración dun pleno extraordinario e para iso tiveron en conta os seguintes:

FUNDAMENTOS:

A normativa antes mencionada contempla a posibilidade de que os concelleiros propoñan a celebración dun pleno extraordinario nos seguintes termos:

- A solicitude ha de estar asinada por polo menos a cuarta parte dos concelleiros da corporación.
- Ningún concelleiro poderá solicitar máis de tres sesións extraordinarias do Pleno ao ano.
- A convocatoria solicitarase por escrito, no que se especificará o asunto que a motiva e, no caso de que se pretenda adoptar un acordo, incluírase o texto que se queira someter a debate e votación.
- A celebración do Pleno extraordinario non poderá demorarse máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, sen que se poida incorporar o asunto proposto á orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario, se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.
- Se o presidente non convocase o Pleno extraordinario para a súa celebración no prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao da finalización do devandito prazo, ás doce horas.
- En ausencia do presidente ou de quen legalmente haxa de substituírle, o Pleno será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.

Entendendo que se cumpren todos os requisitos esixibles, solicitamos a convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte Orde do día:

1.- REDE DE SANEAMENTO E AUGA POTABLE.

ANTECEDENTES:

Temos coñecemento do estado de insalubridade en que se atopan certas localidades do Concello do Bolo, nos que non se executou ningunha obra para instalar unha rede de saneamento e auga potable.

En data 30 de outubro de 2014 preséntanse no concello do Bolo varios escritos nos que se solicitaba:

- Facilitásesenos un informe completo e detallado de se está feito o padrón para a aplicación de taxas polo saneamento de augas residuais e se se fixo a discriminación positiva en vivendas ou inmobles de segunda residencia.
- Facilitásesenos un informe completo de que base vaise a tomar para aplicar a revisión anual das taxas correspondentes ao saneamento.
- Facilitásesenos un informe detallado de se toda a rede de rede de sumidoiros está completa en todos os barrios, se non é así en que estado está e se existe algún barrio que careza de rede de sumidoiros.
- Facilitásenos informe de toda as vivendas e inmobles do concello que estean enganchados á rede de sumidoiros.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 18 DE NOVEMBRO DE 2015

- Facíltesenos informe de cantas fosas sépticas existen do grupo I do grupo II e do grupo 0 e as taxas que se lle van a aplicar ás fosas de cada grupo.

A análise dos feitos antes mencionados, permite chegar ás seguintes

CONCLUSIÓNS:

Que o actual goberno do concello do Bolo, ten coñecemento do estado en que se atopan certas localidades, nas que non existe rede de rede de sumidoiros nin de auga potable. A súa actitude de pasividade ante esta situación fai que esta parte interétese polas intencións de executar estas obras que consideramos imprescindibles. Xa non só por isto, senón porque así o requiriu o valedor do pobo e autoridade sanitaria dando cumprimento ao artigo 26 a) LRBRL, así como múltiples convenios internacionais e disposicións da Organización Mundial da Saúde.

Polo exposto solicitan que conforme á Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o seu regulamento de desenvolvemento 2568/1986 do 28 de novembro, procedase á convocatoria da sesión extraordinaria do pleno no prazo de 15 días hábiles para tratar dos asuntos anteriormente expostos.”

O Sr. Presidente dá a palabra ao Portavoz do Grupo Municipal Socialista, D. Juan Ferreira Ricón, concedéndolle un prazo de dez minutos para a exposición do tema; ante as protestas do Portavoz polo pouco tempo concedido, o Presidente dille que el dirixe o Pleno.

O Portavoz socialista manifesta que pediron este pleno en base a que en outubro de 2014 solicitaron todos os escritos do Consorcio que se recollen no escrito de solicitude de Pleno e non se contestaron. Segue dicindo que este é o núcleo do Pleno, da Ordenanza que se aprobou hai meses subtráese unha cota aos veciños sen ter servizo; en 2012 aprobáronse os Estatutos do Consorcio e non se informou aos veciños, que na primeira Ordenanza a taxa era de 11,70 euros e na actual de 5,99 euros, di que o Alcalde entregoulle o patrimonio a un Consorcio no que ten a maioría a Deputación e Augas de Galicia, que delega todas as fosas, terreos, o control, se mañá non pagamos penalízanos unha empresa privada.

Continúa dicindo que o Consorcio é deficitario e o Concello ten que pagar 4.300 euros porque as taxas non cobren o servizo, e termina dicindo que o Alcalde quere privatizar a auga.

O Presidente comunica ao Portavoz socialista que transcorreron os dez minutos e que agora vai falar el, pero o Sr. Ferreira non garda silencio, polo que o Presidente acúsalle de mentir e xa que non lle permite falar, o Sr. Presidente levanta a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos.

Do que, como secretaria, dou fe.